

As previsións contidas nesta Ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada momento, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando as mesmas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

No cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ábrese un período de información pública de trinta días para a presentación de suxerencias. No suposto de que non se presentara suxerencia ou reclamación algunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional

Mondoñedo, 29 de marzo de 2017.- A Alcaldesa, M^a Elena Candia López

R. 0933

MONDOÑEDO

Anuncio

LICITACIÓN.

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2017, foi aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas Particulares que han de rexer na seguinte licitación:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 013-SERVPA17

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Explotación do bar-cafetería e instalacións complementarias do Centro Cívico municipal.
- b. División por lotes: Non
- c. Duración: 1 ano
- d. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 2 anos.
- f. CPV: 55410000-7

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a. Orzamento: 3.720,00.-€/ano (IVE excluído).
- b. 781,20.-€ (IVE 21%).
- c. 4.501,20.-€/ano (IVE engadido).

5. GARANTÍA DEFINITIVA

a. Contía: Subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa do ben, así como, a dun contrato de seguro de indemnización por riscos profesionais (responsabilidade civil) fronte a terceiros, incluído o propio Concello e os seus traballadores, derivada dos riscos e danos que entrañe a prestación do servizo, que como mínimo deberá ter unha cobertura de 300.000,00 euros por sinistro

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Perfil do contratante: www.monfortedelemos.es
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Exts. 260-262).

7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

- a. Data límite de presentación: **20 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 12^a do Prego de cláusulas administrativas particulares .

c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro dos 20 DÍAS NATURAIS seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

8. APERTURA DE OFERTAS

a. Segundo o establecido na cláusula 14ª Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a licitación.

9. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

- a. Oferta económicaata 50 puntos
 b. Mellor tarifa de prezos.....ata 20 puntos
 c. Memoria técnica.....ata 20 puntos.
 d. Servizo de menú diario de comidas e/ou ceas.....ata 10 puntos

10. GASTOS DE ANUNCIOS

a. Serán pola conta do licitador que resulte adjudicatario até o límite máximo de 600,00.-€
 Monforte de Lemos, 27 de marzo do 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0923

MONTERROSO

Anuncio

DECRETO.- 24032017.

Tendo previsto ausentarme do término municipal os días 6, 20, 21, 22, 23 de abril e os días 12 e 13 de maio de acordo co establecido nos artigos 63 da Lei de Administración Local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais.

RESOLVO:

Que me substitúa na totalidade das miñas funcións o primeiro tenente de alcalde, don Marcelino Vázquez García.

Notifícaselle o interesado.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP.

Mándao e asíno o señor alcalde, do que eu, secretario dou fe.

O alcalde, Miguel Rico Gómez. O Secretario-Interventor, Froilán Pallín Seco.

R. 0924

Anuncio

Información pública

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/17, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 3 de abril de 2017 ó 23 de maio de 2017.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso